

Comparación das características do Bienio reformista con Bienio antirreformista (conservador ou Bienio Negro)

Introdución:

-Etapas políticas da II República, o Bienio reformista de 1931 ao 1933 e o Antirreformista de 1933 a 1936

Semellanzas:

-Contexto internacional do período de Entreguerras de desprestixio dos reximenes liberais parlamentarios e auxe dos totalitarismos.

-Contexto económico de grave crise económica pola Gran Depresión tralo crac de 1929.

-Ambos períodos democráticos rexidos pola Constitución de 1931.

Diferencias:

Forzas políticas que os apoian:

-**Bienio reformista:** partidos liberais republicanos reformistas (Alianza republicana, Esquerda republicana de Manuel Azaña)/ socialistas (PSOE) e de xeito minoritario e circunstancial os comunistas (PC estalinistas e POUM troskistas) e sindicatos como a UXT (socialistas) e CNT-FAI (anarquistas) [explicade incluso que lle retiran o apoio ao Bienio reformista a raíz da Reforma agraria e Casas Viejas.

-**Bienio Conservador:** forzas políticas antirreformistas que principalmente se organizan ao final do Bienio reformista como resposta ao rexeitamento ás reformas que levarán a cabo; CEDA de Gil Robles (afonsinos e católicos); PRR de A. Lerroux (republicanos antirreformistas); e sen apoio electoral nun principio pero simpatizantes Falange española de J. A. Primo de Rivera e os carlismo.

Grupos sociais que os apoian:

-**Bienio reformista:** clases medias urbanas e movemento obreiro en xeral.

-**Bienio Conservador:** alta burguesía, empresarios, terratenentes, campesiños propietarios, clero e militares africanistas [acto seguido explicades que isto se debe ao programa de reformas que se implementou no Bienio reformista que foi percibido como unha ameaza e unha perda de privilexios por estes sectores e por iso apoian ao Bienio antirreformista]

Reformas:

-Explicades que fan as reformas (educativa e do clero, militar, agraria, estrutura territorial e os estatutos e a social) e que crispán aos anteriores sectores e lles forza a organizarse.

Estrutura política:

-Sufraxio: o Bienio reformista nace dunhas eleccións a Cortes Constituíntes onde se podían presentar as mulleres pero non votar e nas eleccións ao Bienio Antirreformista puideron votar as mulleres por primeira vez na Historia de España.

-Presidente da República foi nos dous Alcalá Zamora pero no B. Reformista foi presidente de Goberno Azaña e no B. Antirreformista A. Lerroux (aínda que tivo máis votos a CEDA)

-Elementos desestabilizadores: Bienio reformista (Sanjurjada e Casas Viejas) Bienio Antirreformista (Folga Xeral de Cataluña e Revolución de Asturias de 1934 e casos de corrupción no goberno)

Final:

-Reflexión sobre que as alianzas do Bienio reformista se reeditan na Fronte Popular, os antirreformistas perden e dan o golpe de Estado que provoca o inicio da Guerra Civil Española en 1936